

## propiaamente son captivo

**Celso Fernández Sanmartín**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

FERNÁNDEZ SANMARTÍN, CELSO (2011 [1997]). *propiaamente son captivo*. Santiago de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal. Reedi-  
ción en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cul-  
tura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/286>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

FERNÁNDEZ SANMARTÍN, CELSO (1997). *propiaamente son captivo*. Santiago  
de Compostela: A.C. Amaía, colección Letras de Cal.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



propiamente  
son captivo

celso fernández sanmartín





propiamente  
son captivo

celso fernández sanmartín



propiamente son captivo  
© Celso Fernández Sanmartín  
Letras de Cal

Ilustración:  
Celso Fernández Sanmartín

Edita:  
A. C. Amaía  
Apdo. 142, Compostela  
Galiza, abril 1997

Imprime:  
Litosprint, S.L. - Pontevedra

ISBN: 84-922620-0-1  
D. L.: PO 109-97





a variedá máis peluda

detrás do depósito do gasoi  
teño un invento  
que é o invento  
da miña vida

detrás do depósito  
do gasoi  
dei feito un buratiño  
polo que vexo  
a selva  
semento o que vexo  
semello semente

e en canto  
vivo diante da pila da leña  
cebo dous porcos e teño unhas galiñas



nubes

a sole

podo apurar e dicir que é nativa da selva coma por exemplo  
un armario pintado e sen parte de atrás pousadeiro de  
buques estremecidos do pescado

e do mar  
barcos coma envarados querendo na praia e de naves  
máis grandes e coches que caeron e barquiñas de  
sedelas ás que lle saltan por riba peixes

todo un armario pero cheo -e esta é a parte que creo verdadeiramente importante- de nubes  
das de mellor consistencia ó tacto agradecidas pola carne común moito  
máis libres sen punto de comparación

apegadas e coma catapulta  
acolledoras coma ningunhas

ventureiras por necesidade e de aí ansiosas cos peitos coas tetas coas trenzas con todo o corpo  
esas palabriñas, e os parabrisas caídos dos coches para foder un pouco un pouquiño á  
comodidade e coa comodidade e a economía dos trapecios que naceron de aselar ás randias  
nas que sempre xogaron indistintamente as nenas os nenos e inventan e aprenden cancións  
que cantan algunhas veces desde o chau á por exemplo lonxe sempre fai cousas coma milagres  
coa boca con todo o corpo cuberto e inda estando lonxe sempre fai cousas coma milagres  
porque é que non se pode saber nada da marabilla, onde é que nace a verdadeira comida e  
estas apertas todas non engana se o que ves son nubes

nubes



Cómeme os peitos pola parte pequena da punta  
polo redondo cara ó cabo do pé  
arríncame o billete do tren talgo que levo no peto  
póusame a almofadiña dos beizos nos beizos de sangue  
que veño de facer unha viaxe como nunca fixera  
de ver un corzo brincando  
entre uces das máis altas dos montes antes de que o  
tren  
entrou nun túnel pequeno

dime coas maus

que vivo eu  
coma unha troita fóra da auga  
que teño o corazón de maquinaria pesada  
e que me acaba de voar pola boca



propriamente  
son captivo



As fábricas xa teñen os teares maduros para me face-lo  
vestido que eu quero todo de algodón e liño  
estampado polo lombo con tres nubes grandes e brancas  
coa arribada en gris e despois de fondo o ceo azul e negro

de sombreiro a cabeza dunha osa peluda co fociño  
levantado outeando cos ollos quedos e mansos o ceo  
preñado

os pendentos das orellas un de algas e outro de cabaliños  
do mar e dous bailarines con dúas regadeiras  
mollándoos con  
auga de sal

por baixo do vestido, co pube decorado de pementón e  
limón verde e os beizos da vulva con aceite de améndoas  
e pranas de sangue amargas que non derreten desde que  
lle cortaron a cabeza á osa os que lla cortaron

nos pés  
sen zapatos abro os dedos e vou apañando entre  
eles todo o que medra no chau ou cae  
ás veces tería que dar un pulo  
porque levo demasiados  
croios e máncanme  
croios  
o que me é máis difícil é saca-las espiñas dos ourizos neste  
tempo que caen  
as dos toxos non ardidos  
e as das silvas nas pernas que desengancho da saia  
ó fin quedalles terra de tódalas cores  
non hai falta de unión



non semello unha flor andando nen un globo aerostático  
pousado arrastrando o canastro non parezo nada que ti non  
parezas  
cando te espetas e me miras pasar

apousar

eu traio no vestido que teño as castañas asadas e estonadas  
da casa vou ofrecendo a proba das castañas por me  
compracer neste día que vai sol

os gorriós quentiños véñenme á boca pica-las castañas  
esfaragulladas dos dentes  
na lingua e na fonte da boca  
algún olla tamén o ceo da boca  
e éntrame ata a gorxa para pillar unha miga que se vai  
pero non hai ninguén ninguén que nese momento da  
comida  
morra por ama-la cabeza da osa que levo derriba da miña  
cabeza  
que está moi triste a cabeza da osa  
pero moi triste tan secada ó aire  
sen poder ver caer unha castaña inda que eu me pare todo o  
día ó pé dun castiñeiro  
sen me sentar  
sen me anicar  
sen comer nin beber  
nin chorar nin rir

As osas e os osos nas borras do café  
onde as osas e os osos fan reflexo  
polo visto botáchesme o café no vaso da augardente  
toman unha copa e falan cos paisanos  
cargados de escopetas, mirámonos  
cos dous canos do nariz inchados e rubios  
no primeiro catarro do outono  
coma dous canos engraxados de escopetas

vimos engraxados de vendimar  
vimos e temos roupeiros cheos de motos vellas arranxadas  
de mosto de augardente de salmós secados e arenques  
en viño que se nos acedou e porcos no sal e castañas  
e ouriceira,  
pero mirade osos  
a ponte romana coa pedra azulada  
pintura da marabilla  
que son as troitas  
sonvos as troitas  
que  
viven  
debaixo dela á sombra  
osos  
mirade  
mirade  
mirade,  
as troitas

nós as osas e os osos vímosvos tomar unha chiquita, e  
traémo-lo vento esgazado detrás nosa  
non colgamos lámpadas de ningún sitio

só dúas osas dous osos que morreron afogados  
porque comeron unhas esponxas ensopadas de mel  
que alguén deixou alí para enganalos  
e que afogaran  
empezaron a ver lámpadas acesas a pleno día

**P**eiteámo-la escopeta e deixámo-las ventás pechadas da casa  
para que non nos entre o aire e remexa tódolos cuartos e  
pouse follas secas nos cazos da cociña que cocen máis mal  
porque non teñen testo

non o aprecia  
como van cambiando de color os veados de lugar  
as árbores

todo se queda sumido  
nas pucharcas de pétalos verdes e  
mais nas pucharcas de follas prateadas  
e deixa de alentar

Un caracol pequeno que vai subindo por unha parede  
pintada de branco descansa metido dentro da cuncha  
e deixa a alma dunha nube seca  
ti mándasme unha caixa con rinocerontes dos peores  
co seu corno de diante agranado  
preto do fociño  
polo que se airean e o de detrás dese máis pequeno e  
verde preto do medio e medio dos dous ollos das dúas  
orellas no medio e medio da cara  
un paxaro ou dous no lombo espinicano todo e déixaos  
estar o rinoceronte porque se sente ben  
ben de que lle  
coman o picor continuo

o rinoceronte inmenso non ten nada que ver cos coches ata  
que o cacen baixándose dun coche para recoñecer que era  
unha boa peza de rinoceronte

báixanse do coche para ver se o levan consigo ou non o  
levan consigo

ou collen o trofeo  
auga na selva  
gavelas de toxos son da selva  
rinoceronte  
o da selva

se non te lembraches de deixar regulado o termostato da  
auga quente a calefacción hache chegar á cabeza coma unha  
preocupación e no encoro os parrulos gárdanse de nós entre  
as xuncas

no seu corpo atopamos papeis que o acreditan coma un  
cazador en regra segundo as leis do país

Será pola mañá  
azulado está o ceo  
dos ósos azuis  
das nubes que pasan desfeitas

desfansen de todo  
as nubes

**M**archo para a selva  
atrás miña veñen os gueiteiros  
e a banda, eu cruzo o río  
e eles quedan no sitio  
vanse abrindo en rigleira ó longo da orela







TUDO FOI GLORIA  
VER FLOREA-LO PRADO COS LEÓS DEITADOS  
LEVANTÁRONSE OS LEÓS PARA COMER  
E DEBAIXO DELES  
HABÍA ARBORIÑAS COMA ORINA AZULADA  
DE TÓDOLOS DÍAS

FRESAS E MÁIS FRESAS  
NON DABA NINGUNHAS ESTE TEMPO SECO  
A SELVA  
MIRÁMOLA MOITO  
O RÍO DERRIBA DAS MULAS

**N**on máte-la leona enferruxada  
non é un aburrimento grande o que ten  
inda que é a hora de máis calor de toda a vida  
ela pode descansar mellor ca ti e ca min

derriba  
coas flores ofrecidas ó pelo, quentes  
e herbas e rastrollos no camiño  
os pés tan bonitos de florear  
floreados  
de tanto andar

## A SELVA ESTÁ EMPINADA

os barcos vellos rabea por saír ó mar pintados  
coleta de palla e de lama rubia  
o antílope é un dos que remoe herbas  
e a calor a que remoe  
nos mares de toda galicia  
ata que os barcos rebentan pola barriga  
inchados coma nubes felices  
e as gacelas brincan  
e os corzos tamén  
estoupan e alentan  
e nadan

QUÉROTE  
COMA A VIRAXE  
DUN BARCO CARGUEIRO  
NA ALTA MAR  
sen ter esquecido nada,  
por brincar

cando dentro do armario semella que chove  
é porque se choran as alegrías da roupa que leva ó mar

o río a caballo  
das mulas  
pasea

todo foi gloria  
ver florea-lo prado cos leós deitados  
levantáronse os leós para comer  
e debaixo deles  
había arboriñas coma orina azulada  
de tódolos días

fresas e máis fresas  
non daba ningunhas este tempo seco  
a selva  
mirámola moito  
o río derriba das mulas

a luz dos tres días máis longos,  
no ano enteiro non se ven  
estes paxaros alcumados co nome  
de varios vasos de viño tinto  
foi así que a calor lles chegou ás veas  
e perderon a pluma  
todo en tres días  
de cada tres navegantes  
hai un que non quere chegar nunca  
curvea pola sabana polos prados secos  
ben gardados da auga  
colorada de lama  
ringleiras de ruxidos  
os leós á tarde espertaron  
e ela abreu a ventá  
pero non ve se comen ou non  
pensa que son os leós que comen os repolos polo ollo  
as coliflores pola flor  
e non me comer a min  
polo cariño que me teñen

e non  
me comer  
a min

miraba eses tres días  
de pé  
todo canto se movía

a luz no bico da botella  
no cu groso dun vaso meténdolle follas  
verdes e duras pola boca  
ó bico da botella dándolle un bico  
vagaroso coma un caracol

para a cabeza e o pescozo quero os meus tres  
panos mollados  
quentes ás dúas da tarde



**e**stampas da selva





**e**stoume preparando tódolos días para mandarche  
O LIBRO DOS rinocerontes

páceno tódolos días e non llo  
podes coller porque o defenden

pero é un libro con tantos  
rinocerontes sen estabular

é un libro que ten tantos rinocerontes

se non comes hoxe na casa  
pasa sen comer e ven ver

o pacer dos rinocerontes  
na planta do prado salvaxe

e cultivan na herba que tocan  
cortan só para eles  
o seu libro



*a* selva estampada



Un sen fin de plantiñas  
un sen fin de macetas  
un sen fin de hortas  
un sen fin de devesas  
un sen fin de selvas

d escansar á sombra  
nunha das poucas que hai na  
sabana e está chea de leós

queda amodorrado no chau  
o saco das cartas

as  
pegadas dos elefantes e das elefantas  
recompoñen a escena dun correo  
por carreiro de trompetas  
sen haber tronada  
correo mollado  
é porque pasámo-lo río  
fomos beber  
a nos enlamear nunha tosta

**S**en moito procuro  
a cebra

achégase  
á leona  
que está deitada

e ólea

queda emocionada  
e mantense emocionada por máis tempo  
mantense porque ve no ceo  
aí mesmo  
polos rubios aguias volantinas e leós

aí  
máis  
arriba  
ca ollo  
triste  
de xirafa



## Coa boca a leona

ven pasar un pau no río  
pousado derriba do río  
cunha póla alta  
igual ca un brazo que non descansa  
vai o acio de fresas bravas na punta  
espincado algo do sol dos paxaros e dos bichos  
randeándose co pau  
van  
o pau  
e o acio derriba del

randeándose

a leona que se bota ó río  
e cría dous leós e unha leona ó mesmo tempo  
que a miran  
brincar polo pau con alegría

a bárbara alegría

e canto procuro teñen  
ponlles medo a auga con velocidá  
ós pequenos e á pequena

O ñu a gacela

acabouse  
pacer na herba  
o fuxir dos lobos con pintas  
trotando e couceando pola sabana  
adiante,  
inda que cotedes e vos revolvades  
os paxaros son arramados  
na vosa presenza,  
que rica vai seguir estando a herba  
  
e a sede coa auga

O s leós no prado descansan  
e levántanse pola mañá fresca  
a tentar nas toupeiras

**P**orque son os que semellan estar  
sempre quedos  
e agallopan pola selva e apoliñan  
coma  
se moscaran



o día está hoxe tan pechado de néboa  
porque ás poucas flores hainas que deixar ser hoxe violentas



co sostén azul coa calor que vai, entre a herba hai trigo, non está alto, inda non ten espiga, pero sábesele ben que é trigo, aquí sabémolo ben, pero ti non sábelo que é, apártalo coa mau porque che vén á cara e despois apárta-la cabeza, ti así estás inqueda pero a el non o podes inquietar, non entende ren, e ti tampouco

o primeiro lume do ano xa arde entre eses dous montes con alcolitros, aí no fronte, se non o atallan de seguida irá subindo, o fume que bota semella o de quentar polo pouco cen fornos de pan con estrume do monte: con toxos con xestas con uces e carqueixas e bichos revoltos con terra e meigas verdes e carpazas e espiños albares e toda a carraxe enlameada

non lle van acudir, nótase ben, sen caste de animais vai quedar o monte baixo cando estea ardido, faría xa falta un avión que trouxera auga de aquí a un pouco, ti deitada ó pé deste chorón, á sombra, neste xardinciño, e eu deitado ó pé deste chorón, á sombra, neste xardinciño, claro, empézache a estorbar de máis e sáca-lo sostén, primeiro baixas unha cinta do ombreiro por unha manga curta da camiseta, méte-lo brazo dentro e vólvelo sacar, logo o mesmo coa outra cinta, a do outro ombreiro, sóbe-las maus polo lombo e desabróchalo, sacas por fin o sostén, tiras rápido por el e non é azul, por onde a barriga e o cinto



a saia tendida ó sol  
ten plantas máis ca ningunha  
que miña avoa tivo ese atino  
do sol ventaneiro

veu a tronada e nunha campaiña do prado quedou preso un abesouro, pasou a tronada e veu lila segar á herba, traía consigo a arpilleira, a corda, a gadaña coa pedra de afiar metida nun corno retorto, e unha codela de pan seco na boca, segou un bo sebón dela, upouno ás costas e botou un aturuxo pequeno que petou no chau

encheulle o comedeiro ás ovellas e apartoulle dous ramallos de estalitroques que ían no medio, alabado, se comen isto as ovellas abofé que tolean de vez, e despois brincan e pintan a cana verde, deben pensar que están ceibas no monte e ven todo colores achispadas, botounos contra un recanto, e saíu o abesouro que zoolo unha miga polo cortello adiante, marchou por un tragaluz, e xa abandonou para outro sitio a tronada que veu nestes últimos do mes de abril

sendo eu rapaza ben pequena, vin como lle abrían a barriga a unha egua que había na casa, e lle sacaron dela o cabaliño que agora ten meu avó, a egua esvarou e foise polo terraplén da rigueira abaixo, eu vin como lle sacaban o cabaliño e maila egua non morreu, saíulle tamén da tripa un abesouro que alumeou na corte máis có quinqué de carburo e foise á luz do día pola porta para fóra

deitouse na lama

chégame con saber  
que algunha vez te secas ó aire



sen

fin



Este libro rematouse  
de imprimir nos talleres de Litosprint  
cando se facían 23 anos  
da Revolución dos Cravos.





chamo celso, celsiño, cielso ou selso, pronunciacións distintas que teñen moita importancia pola gracia de quen as nomeou, nacín no ano 69 alá cando se vén acabando a calor, no barrio da cacharela, en lalín, este libro foi feito con rabia e emocionado

leuse xa moitas veces, en lecturas de nacemento, e entre elas, as máis necesarias levounas sempre con amizades miñas da alma

doutra banda, a lectura coa que máis me asaltou fíxenlla unha tarde despois de picar na leña, derriba da morica das achas de carballo feitas de travesas, sentado, nunha sombra clara de nogueiras, carballos e pireiras de pé; estas e algunhas outras fóronlle ó libro precisas impacientes e preciosas, para que agora vós o escoitedes ou leades, por iso volas manifesto

*propriamente son captivo*, coma un cadelo preso a tarmollo, sería un captiverio así; pero claro, tamén teño a boca chea de zanefas, árbores sen espolar, doume conta sobre todo por ela, ben distingo as catro estacións que van escachando a diario coma ovos pinturuxados

teño publicados tres libros máis *Divagacións iú* (1991), *o tigre das cenorias* (1994), un sen título pero cun debuxo na portada (1995), e outro que non está nin publicado nin moi gardado ó que eu lle chamo *todo o día, os traballos* (1996), e estevo lle chamou sempre, *os poemas do aviador*.

